

Administración avanzada do S.O. RED HAT Linux - RHEL (virtual)

Descrición

Con esta formación o alumnado alcanzará un nivel de coñecementos e práctica que lle permitirá instalar e configurar unha estación de traballo nunha rede existente. O alumnado converterase nun usuario avanzado de Red Hat Enterprise Linux v.8 e será capaz de utilizar os comandos e aplicacións básicas para realizar, personalizar e automatizar, con Ansible, certas tarefas de administración de sistemas.

O presente curso prepara aos asistentes para a superación do exame de certificación EX200 (nivel certificación RHCSA) e EX294 (nivel certificación RHCE).

Exame incluído no curso:

EX200 (nivel certificación RHCSA) y EX294 (nivel certificación RHCE).

Obxectivos

Con esta formación o alumnado alcanzará un nivel de coñecementos e práctica que lles permitirá desde instalar e configurar unha estación de traballo nunha rede xa existente, ata converterse nun/nunha usuario/a avanzado/a de Red Hat Enterprise Linux e ser capaz de utilizar os comandos e aplicacións básicas para realizar, personalizar e automatizar, con Ansible, certas tarefas de administración de sistemas.

Por último, os asistentes adquirirán os coñecementos necesarios para converterse nun/nunha administrador/a de sistemas con capacidade para instalar un servidor Red Hat Linux e configurar os servizos de rede e de seguridade máis comúns.

Dirixido a

O presente curso foi deseñado para usuarios/as con coñecementos previos no sistema operativo Linux, se é posible na súa distribución Red Hat Linux.

Este curso é indicado para aqueles perfís profesionais IT con coñecementos e

experiencia mínimos na administración de sistemas operativos Linux, interesados en adquirir os coñecementos necesarios para converterse en especialistas na administración profesional de redes e sistemas operativos Red Hat Linux en contornas corporativas.

Perfil do docente

Especialista con experiencia en formación e xestión de proxectos Red Hat. Certificado/a oficial de enxeñeiro/a Red Hat (RHCE), Certificado oficial de instrutor/a (RHCi) e Certificado oficial de examinador/a (RHCX). Formador/a do equipo de Edustance S.L., empresa especializada en formación TI para empresas, tanto en formato presencial como en formato virtual. Edustance ostenta a figura de Red Hat Certified Training Partner.

DURACIÓN	80 horas
PROGRAMA	Programación 2019/20
MATRÍCULA	Gratuíta
METODOLOXÍA	Virtual
TIPO	CURSO
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	EX200 (nivel certificación RHCSA) + EX294 (nivel certificación
BENEFICIOS	
HORARIO	De luns a venres de 09:30 a 13:55 horas.
PERIODO INSCRICIÓN	08/04/2020 - 15/04/2020
PROBA DE SELECCIÓN	20/04/2020, 10:00

LUGAR DE DOCENCIA**Nº PRAZAS**

16 (Mínimo 10)

Temario

Red Hat System Administration I & II

- Mellora da produtividade da liña de comandos.
- Programación das tarefas futuras.
- Axuste do rendemento do sistema: perfís de tuning e prioridades.
- Control de acceso aos arquivos con ACL.
- Xestión da seguridade de SELinux.
- Mantemento do almacenamento básico: particións, sistemas de arquivos/espazo swap e puntos de montaxe/activar swap.
 - Xestión de volumes lóxicos.
 - Implementación de funcións avanzadas de almacenamento.
 - Acceso ao almacenamento conectado á rede.
 - Control do proceso de arranque.
 - Xestión da seguridade de rede.
 - Instalación de Red Hat Enterprise Linux.

Red Hat System Administration III: Automatización de RHEL con Ansible.

- Introducción a Ansible
- Implementación de Ansible
- Implementación de playbooks
- Xestión das variables e os feitos
- Implementación do control de tarefas
- Implementación dos arquivos nos hosts xestionados
- Xestión de proxectos grandes
- Simplificación de playbooks con funcións
- Resolución de problemas de Ansible
- Automatización das tarefas de administración de Linux